



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

INSTRUCCIÓN 1/2013, DO 28 DE OUTUBRO, DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES RELATIVA Á NORMATIVA FSE APLICABLE ÁS ORDES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS DE APOIO PREDOUTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011-2015 (PLAN I2C) PARA OS ANOS 2012 E 2013.

Con data 23 de xullo de 2012 e 9 de agosto de 2013 publicáronse no DOG as Ordes do 18 de xullo de 2012 e a do 2 de agosto de 2013, respectivamente, polas que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para os anos 2012 e 2013, e se procede ás súas convocatorias.

O obxecto deste programa é outorgar axudas ás universidades do SUG que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutores e doutoras nos seus centros, en calquera das modalidades das indicadas no artigos 1 de cada orde.

Dado que estas axudas son financiadas polo FSE, no eixo 3, tema prioritario 74, no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, nunha porcentaxe máxima do 80%, deben terse en conta as seguintes aclaracións:

- O Programa operativo FSE Galicia 2007-2013 só permite financiar gastos pagados con cargo ás anualidades 2012, 2013, 2014 e 2015, co fin de respectar a data límite de subvencionabilidade dos gastos.
- Nas bases da convocatoria de 2013 recóllense dúas liñas de financiamento, un complemento anual de 500€ por axuda, destinado aos gastos de contratación en que poidan incurrir as universidades pola xestión e contratación dos investigadores, e a outra trátase do importe destinado a cada contrato, que varía en función da modalidade, que só poderá ir destinado ao financiamento dos contratos das persoas seleccionadas, incluíndo os seus custos sociais.
Cómpre aclarar que o complemento de 500€ non é un custo subvencionable no marco do FSE, por canto non se trata dun custo directamente derivado da contratación do persoal investigador, senón do financiamento de gasto no que incorren as universidades beneficiarias para a correcta tramitación do programa.

Unha vez feitas estas aclaracións, e para poder cumprir coas esixencias da normativa de aplicación, en uso das competencias que teño atribuídas como secretario xeral de Universidades, dito as seguintes instrucións:

1. No artigo 10 das ordes establece o réxime de incompatibilidades para cada convocatoria, polo que non se poden percibir outras axudas ou subvencións que teñan a mesma finalidade ou realizar outro traballo remunerado. Para o control deste apartado, ademais das declaracións



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

responsables doutras axudas, é necesario achegar unha copia do informe da vida laboral dos contratados para cada anualidade, é dicir, na prórroga do correspondente contrato, así como á súa finalización.

Enténdese a mesma obriga para aqueles que renuncian ao seu contrato antes de finalizar o programa. Neste caso, a citada documentación presentarase transcorrido un mes dende a súa renuncia, xunto cun informe da universidade beneficiaria indicando se a persoa contratada desenvolveu durante a súa permanencia unha actividade satisfactoria que permitise o seu perfeccionamento e especialización profesional durante a permanencia no programa.

2. Xunto coa primeira xustificación de cada convocatoria posterior a esta instrución, a entidade beneficiaria das axudas remitirá unha declaración responsable de que se mantén unha separación contable adecuada dos gastos cofinanciados polo FSE.
3. As universidades beneficiarias das axudas deberán informar ás persoas contratadas de que os seus contratos están financiados con cargo ao FSE. A dita circunstancia deberá estar consignada no documento no que se formalice o contrato de traballo.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2013

O secretario xeral de Universidades


José Alberto Díez de Castro.